

CURSOS DE FORMACIÓN PARA O PERSOAL DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Cultura convoca 5 cursos de formación para o persoal da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. (Relacionados no Anexo que acompaña a esta convocatoria)

A convocatoria farase pública na páxina web da Rede de Bibliotecas de Galicia www.rbgalicia.xunta.es

1.- Requisitos dos participantes.

Poderán participar nas accións formativas convocadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2013 os empregados públicos e as empregadas públicas destinados na rede de bibliotecas públicas de Galicia que se atopan en situación de servizo activo ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar e que reúnan os requisitos establecidos para cada curso.

Para atender as necesidades formativas dos bolseiros seleccionados pola Orde do 6 de marzo de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación en biblioteconomía mediante a colaboración titorizada en diversos centros bibliotecarios (DOG núm, 57 do 22.04.2012) da rede de bibliotecas de Galicia poderán reservarse ata un 10% do total das prazas convocadas en cada curso.

2.- Solicitudes.

O persoal que desexe participar nos cursos convocados deberá cubrir o formulario de matrícula telemática na páxina web da da Rede de Bibliotecas de Galicia www.rbgalicia.xunta.es, non sendo admisibles outros modelos de solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes será de 7 días naturais desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria.

3.- Selección.

Os criterios selectivos que serán empregados son:

1. Que reúnan os requisitos de destinatario establecidos para cada curso.

2. Que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza o solicitante no desempeño do seu traballo e a materia ou materias obxecto do curso.
3. O menor número de cursos realizados pola consellería competente en materia de bibliotecas durante os últimos dous anos.
4. Orde de prioridade establecida polo solicitante no boletín de inscrición.
5. No caso de empates decidirá a data de envío da solicitude.
6. No caso de vacantes, poderán cubrirse as prazas con persoal que preste servizo nas bibliotecas da rede e non sexa empregado público, así como titulados universitarios en biblioteconomía e/ou documentación, historia, filoloxía ou humanidades.

4.- Publicación do persoal seleccionado.

A Secretaría Xeral de Cultural fará público na páxina web da rede de bibliotecas www.rbgalicia.xunta.es unha relación provisional das persoas seleccionadas para participar en cada curso, así como un número axeitado de reservas. Publicándose con anterioridade ao comezo do curso a través da mesma páxina web a lista definitiva de admitidos ao curso.

5.- Asistencia

É obrigatoria a asistencia a todas as sesións dos cursos. Unicamente poderá autorizarse a ausencia por causas xustificadas, que se acreditará documentalmente ante o servizo competente da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura ou a persoa responsable do curso nun prazo máximo de 10 días despois de que este finalice e que, en ningún caso, poderá superar o 15% das horas lectivas. A ausencia aínda xustificada superior ao 15% do total das horas lectivas suporá a perda do dereito á expedición do diploma.



6.- Certificados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria outorgaralle certificado de aproveitamento ao alumnado dos cursos se cumpre o control de asistencia establecido na actividade así mesmo, avaliaranse os coñecementos adquiridos polo alumnado mediante a realización das probas que considere oportunas o docente.

7.- Resolución de dúbidas e dificultades

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información poderán dirixirse ao Servizo do Sistema de Bibliotecas a través do número de teléfono 981957278 ou enderezo de correo electrónico servizo.bibliotecas@xunta.es

ANEXO

XESTIÓN DA COLECCIÓN NA BIBLIOTECA PÚBLICA

OBXECTIVOS

- Xestión da colección: concepto e fins
- Avaliación da colección
- A selección
- A adquisición
- O expurgo
- Outros aspectos da xestión da colección: recontos, preservación e conservación
- Unha aproximación á xestión da colección nos novos ámbitos tecnolóxicos

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 40 h.
- Lugar e datas: Do 16 de setembro ao 13 de outubro de 2013
- Horario: en liña.
- Prazas: 25

DESTINATARIOS

Persoal técnico bibliotecario e responsables das bibliotecas públicas municipais

CONTIDOS

Este curso presenta ao alumnado a xestión da colección como un proceso sistemático de construción e mantemento dos fondos dunha biblioteca, prestando especial atención a algún dos elementos que o constitúen:

- A avaliación como proceso esencial para saber cal é o noso punto de partida e que elementos son susceptibles de mellora.
- A selección como traballo intelectual que require dunhas actitudes e capacidades (coñecer exhaustivamente as fontes para a selección, adiantarse



ás necesidades dos usuarios, ser receptivos aos cambios...)

- A adquisición como materialización da selección, incorporando os materiais de diversas

procedencias (compra, doazóns, etc.) á colección.

- O expurgo como elemento esencial para manter unha colección actualizada, atractiva e equilibrada.

Durante o curso farase unha aproximación á xestión da colección nos novos ámbitos tecnolóxicos, con especial énfase na selección e adquisición de recursos electrónicos en liña.

Docentes

Elena Sánchez Muñoz

WEB 2.0 PARA BIBLIOTECARIOS: DA CURACIÓN DE CONTIDOS Á PARTICIPACIÓN SOCIAL

OBXECTIVOS

- Comprender o cambio tecnolóxico que se está a producir na Sociedade e polo tanto nos centros de información.
- Lograr unha aproximación práctica e teórica da Web Social e a Biblioteca 2.0
- Coñecer as principais iniciativas e casos destacables de bibliotecas e centros de información denominados Bibliotecas 2.0.
- Manexar as ferramentas da Web 2.0 e saber aplicarlas na mellora e a creación dos servizos bibliotecarios.

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 30 h.
- Lugar e datas: Do 10 ao 30 de xuño de 2013
- Horario: en liña.
- Prazas: 25

DESTINATARIOS

Persoal das bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia

CONTIDOS

1. Introducción á web social

- Concepto, desenvolvemento e evolución
- Filosofía e principios da web social
- Críticas á web social
- Principais servizos web 2.0

Actividades: exercicios prácticos: acercamento aos principais servizos 2.0

2. A Biblioteca 2.0

- Definición e elementos da Biblioteca 2.0
- A Biblioteca 2.0 en España: exemplos e boas prácticas
- O OPAC social

Actividades: exercicios prácticos de experimentación con estas ferramentas.

3. Ferramentas da web social

- Sistemas de publicación
- Repositorios de información textual e audiovisual
- Reutilización de contidos
- Xestión social da información: redes sociais e o caso facebook “a biblioteca 24/7”

Actividades: exercicios prácticos de experimentación con estas ferramentas.

4. Responsabilidade e xestión de comunidades virtuais en unidades de información

- A función del Community Manager

- Xestión de la reputación online

Actividades: debate entorno á figura da profesionalización del CM

5. Plan de Marketing Social

- Planificación
- Avaliación e medición de resultados: analítica, métrica e indicadores da web social

Docentes

Catuxa Seoane

LIBRO ELECTRÓNICO EN BIBLIOTECAS PÚBLICAS

OBXECTIVOS

- Coñecer os cambios tecnolóxicos acaecidos no sector editorial.
- Describir e analizar os principais dispositivos de lectura electrónicos.
- Coñecer as técnicas que permiten unha axeitada adquisición e selección do libro electrónico.
- Coñecer as técnicas que permiten o préstamo de libro electrónico na biblioteca pública.

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 40 h.
- Lugar e datas: Do 15 de maio ao 15 de xuño de 2013
- Horario: en liña.
- Prazas: 25

DESTINATARIOS

Persoal técnico bibliotecario e responsables das bibliotecas públicas municipais

CONTIDOS

1. Cambios no sector editorial

- Do analóxico ao dixital.
- Novas formas de edición e recepción: sistemas de autopublicación, modalidades de lectura, aplicacións de lectura.
- Plataformas de acceso a libros electrónicos: acceso aberto e comercial.

2. Dispositivos de lectura

- Tinta electrónica.
- Formatos de lectura.
- Avaliación de dispositivos de lectura.

3. Libros electrónicos na biblioteca

- Integración dos libros electrónicos en bibliotecas.
- Selección e adquisición.
- Xestión da colección dos libros electrónicos.
- Recepción nos usuarios

4. Casos prácticos

Docentes

José Antonio Cordón García

Raquel Gómez Díaz

Julio Alonso Arévalo



ANIMACIÓN Á LECTURA NA BIBLIOTECA PÚBLICA. REFLEXIÓNS E PROPOSTAS

Obxectivos

- Reflexionar sobre os discursos e as prácticas de animación á lectura que se desenvolven na actualidade nas bibliotecas no novo contexto no que os orzamentos para actividades e compra de libros redúcense considerablemente.
- Propoñer programas e actividades de animación á lectura que cheguen aos lectores aos libros e aos non lectores ás bibliotecas.
- Animar un debate de intercambios de experiencias sobre a animación á lectura para ser capaces de crear un catálogo de actividades válidas e de recursos.

Desenvolvemento

- Duración: 15 h.
- Lugar e datas: Santiago de Compostela – Biblioteca de Galicia 25 e 26 de xuño
Horario:
25 de xuño: 9.15 a 13.45 h. e de 16.15 a 19.45 h
26 de xuño: 9.15 -13.45 h
- Prazas: 25

Destinatarios

Persoal das bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia

Contidos

1. De volta ca animación. Revisión do concepto, das prácticas e da avaliación.
2. Dinamizar a colección:
 - Os libros dialogan entre si
 - Guías de lectura
 - Recursos para facer visibles os libros.
3. Conversar sobre libros. O lector fala aos lectores.



- Os bibliotecarios falan
 - Os lectores expertos falan (pais, profesionais....)
 - Os autores (escritores e ilustradores) falan
 - Os lectores falan entre eles (Os clubs de lectura)
4. Contar a experiencia da lectura
- Recensións
 - Blogs
5. Dinamizar a lectura noutros soportes. Hai algo que dinamizar?
Actividades e propostas: Libro electrónico, ipad..
6. La biblioteca alíase con outros modos de ler. Cabe todo na biblioteca?
- Ciclos temáticos (cultura, gastronomía, muller, vidos de lonxe)
 - Obradoiros de escritura
 - Cine
 - Música

O custe da dinamización da biblioteca. Recursos e posibilidades

Docentes

Raquel López Royo

Samuel Alonso Omeñaca



MOZOS, LECTURA E BIBLIOTECAS

Obxectivos

- Ofrecer aos bibliotecarios un panorama da literatura que se publica en España dirixida aos lectores comprendidos entre os 12 e os 16 anos.
- Analizar as tendencias literarias, artísticas e temáticas que se dan nos últimos anos nos libros dirixidos a este segmento de idade.
- Propoñer un achegamento a novos modos de ler dos mozos que poidan desenvolverse e potenciarse a través da biblioteca.

Desenvolvemento

- Duración: 15 h.
- Lugar e datas:
Santiago de Compostela – Biblioteca de Galicia 27 e 28 de xuño
Horario:
27 de xuño: 9.15 a 13.45 h. e de 16.15 a 19.45 h
28 de xuño: 9.15 a 13.45 h
- Prazas: 25

Destinatarios

Persoal técnico bibliotecario e responsables das bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia

Contidos

1. **Un panorama por editoriais, coleccións e tendencias temáticas.**
2. **Algunhas tendencias destacadas:**
 - Vampiros, outros seres malignos e o amor
 - Distopías . “Outro mundo peor é posible”
 - Ciencia ficción. Un futuro moi pasado
3. **Novos xéneros ou vellos novos xéneros**



- A novela gráfica
- A banda deseñada
- O álbum ilustrado para mozos

4. Libros para saber : Biografías, curiosidades e outras disciplinas

5. Algo de poesía

6. A volta cos clásicos

7. O lector xuvenil

- Outras formas de ler e de comunicarse.
- Blogs de lectores

Docentes

Raquel López Royo

Samuel Alonso Omeñaca